


COLECCIÓN HOMENAXES



**USC**  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

HOMENAXES

**USC**  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

**FIDELIDADE Á TERRA**  
Estudos dedicados ó profesor Xosé Luís Barreiro Barreiro

H O M E N A X E S

FACULTADE DE FILOSOFÍA

## FIDELIDADE Á TERRA

Estudos dedicados  
ó profesor

Xosé Luís Barreiro Barreiro

EDICIÓN Ó COIDADADO DE  
Javier Barcia González

UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

publicacións



FIDELIDADE á terra : estudos dedicados ó profesor Xosé Luís Barreiro Barreiro / [promovido pola] Facultade de Filosofía ; edición ó coidado de Javier Barcia González. – Santiago de Compostela : Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2011. – 534 p. ; 24 cm. – D.L C 614-2011. – ISBN 978-84-9887-673-4

1. Filosofía. 2. Barreiro Barreiro, Xosé Luís, 1939- . I. Barcia González, Javier, ed. II. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

1


© Universidade de Santiago de Compostela, 2011

**Edita**

Servizo de Publicacións e  
Intercambio Científico  
Campus Vida  
*www.usc.es/publicacions*

**Maqueta e imprime**  
Imprenta Universitaria  
Campus Vida

**Depósito legal:** C 614-2011  
**ISBN** 978-84-9887-673-4



FIDELIDADE Á TERRA

Homenaxe a Xosé Luís Barreiro Barreiro

Universidade de Santiago de Compostela, 2011, ISBN 978-84-9887-673-4, pp. 187-198

## NON É QUE NON EXISTIRAN... PENSADORAS, FILÓSOFAS

María Xosé Agra Romero

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

“Apoiada no muro, a Universidade parecíaame un verdadeiro santuario no que se conservan extraños seres que axiña quedarían obsoletos se tivesen que loitar pola vida nas beirarrúas do Strand. Volveronme á cabeza vellas historias de vellos decanos e vellos profesores...”

Virginia Woolf, *Un cuarto de seu.*

### Prexuízos, ficcións, esquecementos

Loitar contra os prexuízos, someter a crítica á tradición, non acollerse ao argumento de autoridade, en definitiva, facer uso da propia razón, en aras do ben da humanidade, ou dunha humanidade mellor, son grandes envites do pensamento ilustrado. A Ilustración, nin que dicir ten, é un movemento teórico e histórico complexo, con variantes segundo os distintos filósofos, con variacións segundo os países. Igualmente, hai distintas maneiras de achegármonos ao pensamento ilustrado e á súa posta en cuestión de prexuízos, tradición e autoridade, refírome de forma concreta ao que atinxe á controversia sobre os sexos, á polémica sobre a inferioridade ou incapacidade física, intelectual, moral das mulleres, sobre a necesidade ou conveniencia da súa educación, sobre a igualdade e a cidadanía das mulleres, que se produce neste movemento teórico e histórico. Da complexidade da Ilustración en xeral e da Ilustración en España e en Galicia, en particular, é un bo estudioso o profesor Barreiro, así como daquela problemática, da cal non deixa de dar conta nos seus traballos, amosando, unindo, rigor intelectual e recoñecemento



da loita pola igualdade das mulleres. Isto pode verse moi ben sobre todo en dous dos seus textos, os dedicados ao Padre Feijoo e a Vicente do Seixo<sup>1</sup>, onde subliña que a gran maioría da literatura sobre temática feminina é de autoría masculina, chamando a atención sobre un discurso que se erixe en representante, mentres que as mulleres son as representadas<sup>2</sup>. Malia todo, no caso de Feijoo salienta:

“a súa ousadía —enormemente documentada— de plantexar a problemática da muller, sen se preocupar do control da Igrexa e da represión da Inquisición. Preocupación, amáis, pioneira, a comezos de século, cando en España a literatura sería sobre este tema era cáseque inexistente. Haberá que agardar máis de cincuenta anos, no derradeiro tercio do século XVIII, para que a problemática da muller volte a ser plantexada —Jovellanos, Marín, Campomanes, Cabarrús, Josefa Amar y Borbón, López de Ayala, Moratín, Vicente do Seixo...— Cábelle, pois o mérito a Feijoo, de iniciar e despertar a devandita problemática, de ser o defensor por antonomasia da igualdade das mulleres. Jovellanos, será o defensor da libre elección dos oficios e do seu ingreso como socias na Sociedade Económica de Amigos do País de Madrid; Moratín será o defensor da libre elección de marido.”<sup>3</sup>

Pertinentes son tamén as súas observacións sobre as ambigüidades, as ambivalencias do discurso seixano que se reflicten nunha sorte de defensa da igualdade (física, intelectual e moral) na diferenza (en definitiva, nai, por máis que sosteña que deben ter outras ocupacións que as da roca, a calceta e a agulla), non reivindicando un estatus político para as mulleres, acreditando na necesidade de educación das mulleres pero sen propostas que poidan dar conta en realidade do seu plantexamento<sup>4</sup>. Feijoo, como tamén Sarmiento, e Vicente do Seixo, participan, con distintos énfases, da investigación propia do pensamento ilustrado sobre unha ciencia da humanidade, sobre unha reforma non só das ciencias e as artes, senón igualmente dos costumes e, neste contexto, abordan o que atinxe aos prexuízos e ás cambiantes relacións entre homes e mulleres. Nun caso, o de

1 Barreiro Barreiro, X. L., “Defensa das mulleres e Ilustración. B. G. Feijoo” en R. Radl (ed.), *Mujeres e institución universitaria en Occidente. Conocimiento, investigación y roles de género*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, 1996, pp. 283-289. “Ilustración, censura e reivindicación das mulleres. Vicente do Seixo (1747-1802)” en Barreiro Barreiro, X. L., Rodríguez Camarero, L., González Fernández, M., *Censura e Ilustración. XX Aniversario da Fundación da Facultade de Filosofía e CC. Da Educación*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, 1997, pp. 95-138. Compre lembrar tamén aquí os seus traballos sobre M. Sarmiento.

2 O Prof. Barreiro afirma que se trata dun “fenómeno curioso”, quizais responde á mesma estranxeza de Virginia Woolf: “As mulleres non escriben libros sobre os homes, feito que non puiden evitar recibir con alivio [...] Cal podía ser a razón, logo, desta curiosa disparidade?”, *Un cuarto de seu*. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2005, pp. 88-89.

3 Barreiro Barreiro, X. L., “Defensa das mulleres...”, op. cit., p. 289.

4 Barreiro Barreiro, X. L., “Ilustración, censura...”, op. cit., pp. 135-6.

Feijoo, encetando o camiño daquela, diríamos con Amorós, “senda non transitada da Ilustración” que ten en Poulain de la Barre e o seu «*l'esprit n'a pas de sexe*» un senlleiro precedente da defensa e reivindicación da igualdade dos dous sexos, pragmatizando o cogito cartesiano contra os prexuízos, contra o argumento de autoridade, “radicalizando a dúbida como acción”<sup>5</sup>. No caso de Vicente do Seixo, percíbíndose certas inconsistencias á hora de asumir a empresa civilizatoria ilustrada, á hora de abordar os cambios nas relacións de xénero. Discursos de autoría masculina —“xuíz e parte”— a prol do acceso das mulleres á educación, da súa capacidade e aptitude para o estudo das ciencias, para as artes e a literatura, que, non obstante, permiten cuestionar a ‘parcialidade’ da historia, dar conta das Mulleres Ilustres, das súas excelencias ou da súa excepcionalidade; que levan a interrogarse sobre a participación das mulleres no pensamento e na historia. Ao abeiro destes discursos e, xusto, cando se está a conmemorar o centenario do acceso das mulleres á universidade semella acaído reparar na relación das mulleres co pensamento, coa filosofía, formulándonos unha elemental pregunta: ¿Non existiron mulleres filósofas na historia?.

Comezarei cun pequeno rodeo, lembrando unha traxedia, *Melanipa la filósofa*, de Eurípides, da que se conservan fragmentos e da que se ten ocupado Séverine Auffret, quen reflexiona sobre o seu título e o seu argumento. O argumento é este:

“Eolo, hijo de Heleno, hijo de Zeus, tuvo de la hija de Quirón (el Centauro) Hippé, o Hypo, una hija notable por su belleza, Melanipa. Habiendo cometido un crimen, se exilió durante un año. Poseidón sedujo a Melanipa y le dio gemelos.

Melanipa, por miedo a su padre y por orden del dios, los hizo depositar por su nodriza en un establo. Unos vaqueros los descubrieron junto a un toro, amamantados por una vaca, y los condujeron al rey Eolo, el cual considerándolos como monstruos nacidos de un toro y una vaca, por consejo de Heleno, los condenó a ser quemados vivos. Melanipa intenta demostrar que no son monstruos y desarrolla las ideas de Anaxágoras. Después revela su desgracia. Su padre la ciega y la enclaustra”.<sup>6</sup>

5 Seguimos aquí os estudos de Celia Amorós sobre Poulain de la Barre, véxase en concreto, ademais da súa introducción a Poulain de la Barre: *De la Educación de las Damas*. Madrid, Cátedra, 1993, os capítulos II e III: “Cartesianismo y feminismo: olvidos de la razón, razones de los olvidos” e “El feminismo: senda no transitada de la Ilustración” de *Tiempo de feminismo. Sobre feminismo, proyecto ilustrado y posmodernidad*. Madrid, Cátedra, 1997. No 2007 publícase unha edición crítica, a cargo de Daniel Cazés e coa colaboración de Haydeé García Bravo: *Obras feministas de François Poulain de la Barre (1647-1723)*. México, Centro de Investigaciones Interdisciplinarias en Ciencias y Humanidades, UNAM.

6 Séverine Auffret, “Melanipa la filósofa” en Eulalia Pérez Sedeño (coord.), *Conceptualización de lo femenino en la filosofía antigua*. Madrid, Siglo XXI, 1994, pp. 107-8; e *Melanippe la philosophe*. París, Des femmes, 1987.



Auffret manifesta a súa estrañeza ante a traducción de *Melanipé hé sophé* por *Melanipa a filósofa* e non 'a prudente' ou 'a sabia', tendo en conta que relacionar a unha muller coa filosofía —coincidindo co nacemento no século V da institución filosófica— non responde á imaxe tradicional, isto é, a do “home filósofo, vello e barbudo”, pondo en xogo, ao seu ver, a “historia grega” e mesmo interpretándoa como paradigmática da relación muller-filósofa dende os gregos ata hoxe. Mais, di, a traducción do título da traxedia responde ao argumento, a acción trágica refire a unha xove, a heroína, quen “desarrolla la práctica filosófica de la argumentación. Esta argumentación está calcada de la filosofía racionalista de Anaxágoras, que fue el venerado maestro de Eurípides”.<sup>7</sup> Melanipa, sigue dicíndonos, filósofa por necesidade, para salvar aos seus fillos bastardos, baixo ameaza de morte pola superstición, “está obligada a filosofar”. Neste sentido subliña que a actividade filosófica responde a un ‘envite práctico’ e carrega uns custos, descubrirse como nai humana real. Tras argumentar que os seres humanos non poden descender dos animais, Melanipa «egua negra», bastarda ela mesma, consegue salvar os fillos pero ela será cegada e enclaustrada polo rei Eolo, ata ser logo liberada polos seus fillos e o seu pai. O que interesa salientar con Auffret e que estamos ante unha “extraña historia... oscuramente significativa”. Certamente esta traxedia causou escándalo no seu tempo, Melanipa semella un modelo pouco axeitado, de aí, apunta, que fose esquecida ou esmigallada, mentres se conservaron outras obras nas que as imaxes de mulleres fortes e rebeldes, como Clitemnestra, Antígona ou Medea remataban mal. Pola contra,

“... la historia de Melanipa acaba bien y, además, ella filosofaba... El contenido de la obra consistía en una apología de la mujer filósofa, figura heroica y finalmente triunfante, incluso si su triunfo venía tras un largo sufrimiento. Eurípides ponía en escena, de manera dramática y provocadora, la prohibición de hecho que pesa sobre la mujer filósofa, y, al mismo tiempo, las razones por las cuales la actividad filosófica es justamente necesaria para las mujeres”.<sup>8</sup>

Ficción, mito, traxedia, autoría masculina. Ficción, mitos, tamén operando nos ‘estados de natureza’; nas narrativas históricas das relacións de xénero (matriarcado). Mais a interrogante sigue aberta: “Entonces, ¿las mujeres no han tenido nunca nada que decir en filosofía? ¿Es acaso verdaderamente sólo un asunto de hombres? En este caso, ¿qué son las mujeres filósofas hoy? ¿Mutantes o híbridos, es decir, monstruos más o menos?”.<sup>9</sup>

7 Ibid., p. 108.

8 Ibid., p. 111.

9 Ibid., p. 110. Auffret remite aquí a un texto senlleiro respecto do asunto que nos ocupa, nomeadamente, o de Michéle Le Doeuff, *El estudio y la rueca: de las mujeres, de la filosofía, etc.* Madrid, Cátedra, 1993.

Como vemos a interrogación é dupla: sobre as mulleres na historia da filosofía e sobre ser muller e filósofa ou, doutro xeito, preguntas recorrentes e pertinentes sobre a (im)posibilidade de ser filósofa<sup>10</sup>.

### Para non perderemos a paciencia

Vaimos, tralo rodeo, ás cuestións, e que mellor que facelo aproveitando a recente traducción ao castelán de dous significativos textos, un clásico e outro contemporáneo, refírome a Gilles Ménage: *Historia de las mujeres filósofas*<sup>11</sup> e Ingeborg Gleichauf: *Mujeres filósofas en la historia. Desde la Antigüedad hasta el siglo XX*<sup>12</sup>. Entre a publicación de *Historia mulierum philosopharum* (Lyon, 1690) e a de *Ich will verstehen. Geschichte der Philosophinnen* (Munich, 2005), hai pouco máis de catrocentos anos, en ambos os dous libros achamos algúns camiños e respostas para a nosa pregunta. No seu texto Ménage indica que atopou setenta e cinco filósofas nos ‘libros dos antigos’; agrupándoas segundo as escolas, comezando pola que denomina ‘escola incerta’, e seguindo coa platónica, académica, dialéctica, cirenaica, megárica, cínica, peripatética, epicúrea, estoica, para rematar coa pitagórica<sup>13</sup>; na edición de 1692 engade a Eloísa e a Novella nas académicas. No segundo libro, Gleichauf recolle corenta e sete pensadoras, aquí seguindo grandes trazos temporais: Antigüidade, Idade Media, Renacemento, o século XVII, a Ilustración, o Romanticismo, o século XIX e a filosofía do século XX, sendo non obstante moi significativos, ben escollidos, os títulos dos seus oito capítulos.<sup>14</sup>

10 Facemos uso do título de Teresa Joaquin: “A (im)posibilidade de ser filósofa”, onde se abordan, entre outras, estas cuestións, en *As causas das mulleres. A comunidade infigurable*. Lisboa, Livros Horizonte, 2006, pp. 68-87.

11 Herder, Barcelona, 2009. trad. Mèrce Otero Vidal. Introducción e notas de Rosa Rius Gatell. Rius manexa e da referencia das traducións: ao inglés, con introdución, de Beatrice H. Zedler: Lanham-Nueva York- Londres, University Press of America, 1984; ao francés no 2003, París, Arléa; ao italiano, trad. e notas de Alessia Parolotto e Prefacio de Chiara Zamboni, Verona, Ombre Corte, 2005.

12 Icaria, Barcelona, 2010, trad. Kàtia Pago Cabanes. Repárese no título orixinal alemán.

13 Como sinala Rosa Rius, chama a atención que, a contrario da orde cronolóxica, as filósofas pitagóricas aparezan en último lugar.

14 As corenta e sete distribúense así: seis da Antigüidade: Teano de Crotona, Aspasia, Diotima, Fintis, Perictione e Hipatia; cinco da Idade Media: Hildegard von Bingen, Mechthild von Magdebur, Marguerite Porète, Catalina de Siena, Christine de Pizan; catro do Renacemento: Tullia d’Aragona, Isabel de Villena, Teresa de Ávila, Marie Le Jars de Gournay; catro do século XVII: Margaret Cavendish, Anne Finch Conway, Mary Astell, Juana Inés de la Cruz; cinco da época da Ilustración: Gabrielle Émilie de Breteuil, Olympe de Gouges, Mary Wollstonecraft,



Non sabemos se a autora manexou a *Historia* de Ménage, é probable, pero na súa historia das mulleres filósofas son elas quen toman a palabra, poren as referencias bibliográficas que aparecen son só das propias obras das autoras, agás, obviamente, no caso de algunhas da Antigüidade. O que si é evidente é que isto responde aos criterios da súa achega<sup>15</sup>. Con todo, as seis recollidas en “Altamente veneradas y ridiculizadas: Mujeres filósofas en la Antigüedad”, tamén o están, por descontado, na de Ménage. E a diferenza del, neste non están nin Eloísa nin Novella entre as cinco autoras medievais que aparecen baixo o epígrafe “«La estupidez se complace en sí misma»: Las filósofas cristianas de la Edad Media”; neste caso o seu interese céntrase naquelas que neste período, fronte ao predominio da escolástica e, xa que logo, a imposibilidade de filosofar neste marco, achan a súa vía de expresión na mística, e a través dela tamén darían saída a aqueles problemas propios da filosofía práctica medieval<sup>16</sup>. Mais alá das nomeadas é preciso retornar e retomar ás preguntas.

Estes dous textos antes que nada convidan a reflexionar, cobrando sentido, de novo, algunhas interrogantes; a primeira delas está ben exposta por Rosa Rius no seu amplo e documentado estudo crítico introductorio:

Johanna Charlotte Unzer, Harriet Hardy Taylor-Mill; catro do Romanticismo: Bettine von Arnim, Karoline von Günderode, Rahel Varnhagen, Germaine de Staël; nove do século XIX: Hedwig Dohm, Concepción Arenal, Helene Stöcker, Leonore Kühn, Helene von Druskowitz, Hedwig Bender, Rosa Mayreder, Harriet Marineau, Mary Whiton Calkins; e 10 da filosofía do século XX: Hedwig Conrad-Martius; Edith Stein, Simone Weil, Hannah Arendt, Simone de Beauvoir, Gertrude Elizabeth Margaret Anscombe, Agnes Heller, Sarah Kofman, Martha C. Nussbaum, María Zambrano. Como pode verse entre elas hai catro españolas: Isabel de Villena, Teresa de Ávila, Concepción Arenal e María Zambrano.

Compre advertir que no índice hai unha errata pois aparece dúas veces, de seguido, Hedwig Bender, cando debería aparecer só unha, a outra entrada corresponde a Rosa Mayreder, erro que se repite na páxina 112. A paxinación dos capítulos no índice tampouco se corresponde coa do interior do texto.

15 Neste sentido, malia tamén seguir a secuencia temporal clásica, este libro de Gleichauf diferencia-se do de Giulio de Martino e Marina Bruzzese, *Las filósofas. Las mujeres protagonistas en la historia del pensamiento*. Madrid, Cátedra, 1996, [orig.1994], pois este remitenos “a una noción extensa de la filosofía como reflexión sobre las formas y las mediaciones simbólicas, hace referencia a mujeres que han dejado huella de su pensamiento y de su acción en diversos campos de la historia de la cultura, como la religión, la literatura, a política, la pedagogía y la filosofía *strictu sensu*, y propone problemas historiográficos y teóricos diversificados en las distintas épocas”, p. 8.

16 Si hai dúas citas de Poulain de la Barre. Unha, como ‘preilustrado’, sinalando que *Egalité des hommes et des femmes* (1622) de Marie Le Jars De Gournay tivo influencia nel. A outra, non no capítulo “Un conocimiento claro y distinto: El siglo XVII” senón para dar comezo a “El placer de conocer: La época de la Ilustración”, incidindo en que tiña escrito en 1673 a favor de que mulleres e homes poden facer uso da razón para o ben da humanidade, pois a razón é propia de ambos os dous sexos, e como xa o fixera a fins da Idade Media Christine de Pizán. pp. 53 e 67.

“¿Una historia de las filósofas escrita en el siglo XVII? ¿Dónde se han conservado sus nombres, sus obras o fragmentos, su pensamiento? A raíz de la traducción en francés del texto de Ménage, Umberto Eco decía haber hojeado por lo menos tres enciclopedias filosóficas actuales sin encontrar citadas (exceptuando a Hipatia) a ninguna de las pensadoras recogidas en la *Historie des femmes philosophes*. Concluía el autor italiano: «No es que no hayan existido mujeres que filosofaran. Es que los filósofos han preferido olvidarlas, tal vez después de haberse apropiado de sus ideas».”<sup>17</sup>

Na súa sucinta introducción Ingeborg Gleichauf constata:

“Si queremos informarnos sobre filosofía, solemos echar mano de una «Historia de la filosofía» y al hacerlo nos llevamos una sorpresa: parece que se trata de una cosa meramente de hombres. Historia de la filosofía significa casi siempre historia de filósofos. ¿Acaso no filosofan las mujeres? ¿No hay mujeres filósofas? . Ésta fue al menos mi primera impresión antes de iniciarme en la búsqueda de una pensadora «reconocida», como mínimo”.<sup>18</sup>

Séverine Auffret na súa achega sobre *Melanipa a filósofa* xa advertía de que “si se busca con coidado” nas marxes da historia da filosofía antiga atópanse algunhas mulleres filósofas, e que tamén son mencionadas por Diógenes Laercio, Plutarco, Suidas, Estobeo, Clemente de Alejandría, Jámblico e Porfirio, fontes que empregará, dinos, Gilles Ménage para presentar na súa historia das mulleres filósofas os setenta e cinco nomes. Non obstante, contrasta, fronte “a la espesura humana de los hombres filósofos y la abundancia de sus textos”, as filósofas da Antigüidade son máis ben excepcións, que non teñen textos directos que podan hoxe ser lidos, o cal non lle impide deixar de sinalar que tampouco Sócrates, por certo, os ten; que están recollidas en textos de autoría masculina, e que os filósofos recoñecidos nunca as citan, isto é, “no están inscritas en la institución filosófica” o que a leva a formularse as preguntas que referimos máis arriba sobre as mulleres e a filosofía.<sup>19</sup> ¿A historia de Ménage sería entón a ‘primeirísima’ historia das filósofas da Antigüidade?, segundo Rosa Rius non exactamente, semella mellor unha especie de diccionario, con entradas desiguais, que da conta das fontes nas

17 Ibid, p. 12. Giulio de Martino e Marina Bruzzese sosteñen que a relación entre as mulleres e o saber filosófico está atravesado, nas distintas épocas históricas, por un predominio masculino ‘casi total’, op. cit, p. 15.

18 Op. cit, p. 7.

19 S. Auffret Op. cit., p. 109. Véxase tamén, Kathleen Wider, “Women Philosophers in the Antique Greek World, en *Hypatia*, nº 1, (1986). Compre salientar que este é o primeiro nº desta revista —que sigue a ser referente na actualidade dos estudos feministas e de xénero— dedicado precisamente á educación. Significativo é así mesmo que en 1987 no nº 2, vol. 12 de *Signs*, outra das publicacións de referencia, Elisabeth Young-Bruehl, quen logo publicará unha excelente biografía de H. Arendt, escriba “The Education of Women as Philosophers”, pp. 207-221.



que aparecen mencionadas. Poren, tampouco estamos ante unha obra que poida catalogarse como “historia da filosofía” desde a óptica moderna, o cal non é algo que só lle aconteza a este texto<sup>20</sup>. Agora ben, ¿cal e, entón, o interese da obra de Ménage?, pois non tanto a súa natureza canto os propósitos do seu autor ao escribirla e a quen ía dirixida. Estes son os temas que lle fan cavilar a Rius e, desde esta perspectiva, certo, a *Historia* adquire relevancia, facéndonos ver que estamos ante un autor que:

“[...] estimó a las autoras de su tiempo y reconoció su saber. Alguien que, al principio del prefacio de su *Historia*, no ponía en duda el hecho de que: «También ha habido algunas [mujeres] que se han aplicado a [...] la filosofía». Alguien, en definitiva, poseedor de los suficientes conocimientos de filología clásica que le permitieran recorrer con firmeza los textos griegos y latinos para certificar que siempre había sido así.”<sup>21</sup>

Eis aquí a cuestión, o recoñecemento do saber. Ménage moveuse no círculo, nos salóns de mulleres notables (marquesa de Rambouillet, Mademoiselle de Scudéry, marquesa de Sablé, duquesa de Longeville), foi preceptor e amigo dalgúns delas, en especial de Madame de Sévigné, Madame de La Fayette e Anne Lefebvre Dacier, a quen, como dí no Prefacio, dedica esta *Historia*, pois consideraa “la más sabia de las mujeres actuales y del pasado”. O importante protagonismo intelectual destas mulleres nos «salóns», manifestación dun saber vencellado á «cultura da conversa»<sup>22</sup>, é o que Ménage non só coñece senón que recoñece. Segundo Rosa Rius, Ménage escribiu a súa historia en honor as súas amigas, e fíxoo ademais tentando chamar a atención doutros intelectuais —de aí o telo escrito en latín— procurando acadar lexitimación fronte a idea ‘extendida e persistente’ de que non existiran pensadoras, filósofas. Así, simplemente “bastaba *mirar* hacia el pasado”.<sup>23</sup> Mais aínda, subliña Rius, tiñan que sabelo tamén as propias mulleres embarcadas na aventura do pensamento, tiñan que saber que non eran excepcións. Así pois, este ‘diccionario imcompleto’ ten como referente, directo ou indirecto, aquel das ‘mulleres ilustres’ que arranca do *Mulierum virtutes*

20 As tachas que poden poñerse sobre a natureza desta *Historia* son moi semellantes ás que, como sinala Rius, recolle García Gual na súa “Introducción” a Diógenes Laercio, *Vidas de los filósofos ilustres*. véxase nota 6, p. 14 e máis en concreto p. 35.

21 Non sen deixar de subliñar antes a gran importancia de Ménage como historiador da lingüística, polo que é recoñecido. *Ibid.*, p. 15. Tamén é de salientar o papel da tradición dos salóns, das ‘preciosas’ no desenvolvemento da lingua francesa.

22 Ademais da achega de Rosa Rius nesta introducción, e como ela ben indica, unha referencia fundamental é a de Benedetta Craveri, *La cultura de la conversación*, Madrid, Siruela, 2004 (1ª ed. 2003).

23 Rius, *Ibid.*, p. 31.

de Plutarco, que continúan Giovanni Boccaccio (*De claris mulieribus*, 1361-1362) e Christine de Pizan (*La cité des dames*, 1404-1405), que se ampliou, sigue a indicar Rius, no século XVI con Lucrezia Marinelli (*La nobiltà et l'eccellenza delle donne cò'diffetti et mancamenti de gli huomini*)<sup>24</sup>. Finalmente Rius ven concordar con Beatrice H. Zedler e con Mary Ellen White<sup>25</sup> en que esta *Historia* serve de arranque para a reconstrución do pensamento filosófico das mulleres.

Se nos detemos agora na historia das mulleres filósofas de Gleichauf, volvemos sobre o tema do recoñecemento, mais inscrito na loita das propias mulleres, e con voz propia. Como non atopaba información algunha nas historias da filosofía ao uso, comenta que decidiu ir á procura, como mínimo, dunha pensadora ‘recoñecida’. Comezou polo século XX e dou con Hannah Arendt, apreciándoa por non enfocarlle a filosofía como tarefa de ‘pensadores tradicionais’, senón como unha necesidade humana básica. A pegada de Arendt percíbese, as preocupacións filosóficas agroman nos concisos parágrafos introductorios e comentarios que acompañan aos capítulos. E, como non, no título orixinal alemán: *Ich will verstehen* (*Quero comprender*). Para Gleichauf: “Naturalmente, en todas las épocas las mujeres también han reflexionado intensamente sobre el mundo, sobre ellas mismas y sobre el sentido de la vida. También las mujeres conocen el deseo de retirarse de las tareas cotidianas, de sentarse ensimismadas, de dar largos paseos, solas o conversando con otras personas.” Non obstante, no pasado tiveron sempre moitas menos posibilidades que os homes para ‘anotar y ordenar sistemáticamente sus pensamientos’, os seus escritos non tiveron tanta atención, mesmo houbo neglixencia. Por iso, continúa a nos dicir:

“Hace falta saber disfrutar del trabajo arqueológico para no perder la paciencia. A menudo, sólo sabemos de las mujeres filósofas a través de los relatos o las narraciones de otros.

24 Compre lembrar que Feijoo tamén da unha listaxe de mulleres sobranceiras e nela achamos que cita esta obra de Lucrezia Marinelli e mesmo sae ao paso das acusacións vertidas sobre a súa autoría. Como moitas outras veces as contribucións das mulleres, cando non son silenciadas, son negadas ou alteradas, como sinala K. March, *De Musa a Literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro*, Sada, Edicións do Castro, 1994, p. 130. Significativo é asimesmo o limiar de *La hija del mar* (1859) da propia Rosalía de Castro, onde ofrece un catálogo de ilustres mulleres e homes: Malebranche e Feijoo, Mme. Roland, Mme. Stäel, Rosa Bonheur, George Sand, Santa Teresa de Jesús, Safo, Catalina de Rusia, Juana de Arco, amosando a parcialidade da historia. Véxase, M<sup>a</sup> Pilar García Negro, “Estudo introdutorio”, *Rosalía de Castro: El caballero de las botas azules. Lieders. Las literatas*. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2006, esp. Pp. 66-67; e M<sup>a</sup> X. Agra, “Feminismo”, en *Diccionario-Enciclopedia do Pensamento Galego*. Ed. Xerais-Consello da Cultura Galega, 2008, pp. 450-475.

25 Mary Ellen Waithe (ed.), *A History of Women Philosophers*, Martinus Nijhoff, 1987, 4 Vols.



Raramente se han conservado textos orixinais; a veces incluso se han falsificado a conciencia o se han feito desaparecer. La historia de las mujeres filósofas es también la historia de su lucha para que se reconozcan sus aportaciones.”<sup>26</sup>

*Mujeres filósofas en la historia* presenta a corenta e sete pensadoras, da Antigüidade ao século XX, como xa se dixo. O que resulta suxestivo deste texto é que, partindo da idea da necesidade humana da filosofía, acredita en que as mulleres sempre pensaron e que en todas as épocas houbo pensadoras, filósofas. Como Ménage, pódese dicir, fronte a idea de que non ten sido así, dedícase ás filosofías das mulleres. Non se detén na crítica da misoxinia dos filósofos, nin en outras aportacións das mulleres noutros campos<sup>27</sup>, tampouco nos escollidos filósofos que defenderon a igualdade das mulleres. Ofrecenos os seus pensamentos filosóficos, entendendo que non son marxinais pois, ademais de diversos, colócanse no centro dos debates do seu tempo. Non se da por bo que haxa que falar simplemente, empregando as verbas de Fina Birulés, de ausencia de tradición, de tradición adversa ou mesmo de exclusión ou de imposición de silencio, senón sobre todo de ‘falta de transmisión’<sup>28</sup>, de aí o labor —e a paciencia— arqueolóxico, posto ao servizo da memoria, dunha forma de relacionármonos co pasado, de interrogármonos polo noso presente; de aí, polo tanto, o acudir aos propios textos das mulleres, deixalas falar, que nos digan ‘quen son, quen eran’. Non é posible neste espazo enxergar as distintas achegas metodolóxicas á historia das mulleres, nin atender á necesaria distinción entre universalidade e neutralidade, ou na cuestión do ‘eu’ filosófico. Tampouco sei se Gleichauf tivo noticia dos escritos de Birulés, só quixera incidir en que, en calquera caso e ao meu ver, hai certas e interesantes

26 Op. cit., pp. 7-8.

27 Non debería sorprendernos entón que non figuren as ‘preciosas’ na súa historia, e si aparecen aquelas mulleres filósofas que no século XVII criticaron a Descartes, o seu dualismo de materia e espírito, e anque convencidas da importancia da razón, non obstante amosaron os límites do coñecemento racional, e cuestionaron a preponderancia humana sobre a natureza, p. 65.

28 Fina Birulés reflexiona sobre cómo restablecer as mulleres na Historia da Filosofía, avoga por conxugar a tarefa crítica da razón patriarcal co labor construtivo, neste sentido di: “Ciertamente el proceso de exclusión ha determinado no sólo la escasez de obra filosófica femenina, en comparación con la masculina, sino también y fundamentalmente su *falta de transmisión*. Este último aspecto me parece significativo: cualquiera que se dedique con suficiente ahínco a escarbar en el pasado filosófico de Occidente, hallará con sorpresa muchos más textos y fragmentos escritos por mujeres de los que hubiera imaginado”, en “Indicios y fragmentos: Historia de la Filosofía de las mujeres”, p. 18, en Rosa M<sup>a</sup> Rodríguez Magda (Ed.), *Mujeres en la historia del pensamiento*. Barcelona, Anthropos, 1997.

coincidencias. Ambas as dúas remiten ao labor de excavación e teñen en Arendt, e na comprensión, un punto de referencia común.<sup>29</sup>

Desde Melanipa a filósofa sabemos do pouco conveniente que é o modelo da muller filósofa, pero tamén sabemos, de acordo con Auffret, das razóns que fan da actividade filosófica unha necesidade para as mulleres. Tamén, dicía, que “si se buscaba con coidado”, nas marxes, alí estaban as mulleres filósofas antigas. Con Rius víamos os propósitos e as destinatarias da *Historia* de Ménage, que só “bastaba con mirar cara a o pasado”, e que era un bo punto de partida para a reconstrución do pensamento filosófico das mulleres. O labor arqueolóxico de Gleichauf insírese nese proceso de reconstrución, que responde á loita polo recoñecemento das aportacións das mulleres, e faino partindo da necesidade básica dos seres humanos de filosofar, de pensar, de comprender, que non é o mesmo, seguindo a Arendt, que a ansia de coñecer ou que o obrar, de aí que deixara escrito: “Admitiré algo: básicamente, estoy interesada en comprender.[...] Admito también que hay otra gente que está principalmente interesada en hacer algo. Yo no, yo puedo vivir perfectamente sin hacer nada. Pero no puedo vivir sin tratar de comprender como mínimo cuanto ocurre”.<sup>30</sup> Non é casualidade que o capítulo dedicado ás filósofas do século XX<sup>31</sup> se titule, xusto, “Pensar e actuar”. Abordar isto, é obvio, require dun tratamento máis polo miúdo, como igualmente sería preciso examinar os distintos capítulos e as corenta e sete mulleres filósofas, pero terá que agardar, hai que ir concluíndo.

Entón, si que existiron mulleres filósofas, non son monstros ou híbridos, en todo caso, para dicilo con Donna Haraway, de ter que ser algo mellor ‘ciborgs’. Non hai que deixarse embelear. O que está en xogo, en cuestión, é algo máis ca

29 Remitimos ao propio texto antes citado de Fina Birulés, no que desarrolla o método interpretativo, baseado no indicio e no fragmento como máis axeitado para afrontar a reconstrución da historia das mulleres filósofas; tamén resulta moi pertinente o de Rosa M<sup>a</sup> Rodríguez Magda “Del olvido a la ficción. Hacia una genealogía de las mujeres”, en Rodríguez Magda (Ed.), op. cit. pp. 33-59. Outra referencia obrigada é —entre outros seus nos que sostén que a historia é unha investigación retrospectiva da nosa propia problemática presente— *Tiempo de feminismo*, de Celia Amorós, onde afirma, a propósito de Poulain de la Barre que: “necesitamos una memoria filosófica feminista, críticamente orientada a la recuperación del pasado de nuestro presente”, op. cit., p. 109.

30 “Arendt sobre Arendt” en H. Arendt, *De la historia a la acción*. Trad. Fina Birulés. Barcelona, Paidós/I.C.E./U.A.B., 1995.

31 Sobre o século XX véxase tamén: Valcárcel, A. y Romero, R. (eds.), *Pensadoras del siglo XX*, Sevilla, Instituto Andaluz de la Mujer, 2001; e Guerra, M<sup>a</sup> José, Hardisson, Ana (eds.), *20 pensadoras del siglo XX*. Oviedo, Nobel, 2006, 2 Vols.



un modelo histórico, por iso non se trata de engadir un apéndice ou anotacións á marxe, non se trata de facer unha engadega, senón de unha outra historia, da memoria e da transmisión do saber, de que a obriga de filosofar, de pensar, de escribir e de ensinar conleva un envite práctico.<sup>32</sup>

32 Quixera só apuntar aquí a importancia que isto ten para os currículos educativos e mencionar dous textos orientados ao ensino: Inés Fernández Buján, *As mulleres na Filosofía*. A Coruña, Baia, 2006; e Amalia González Suárez, *Mujeres, varones y filosofía. Historia de la filosofía*. Oviedo, Octaedro, 2009.

## APOSTA POR UNHA FILOSOFÍA NON ENSIMISMADA.

Homenaxe ao Prof. X.L. Barreiro

**Marcial Gondar Portasany**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na poliédrica figura académica de X.L. Barreiro (investigador, docente, xestor e mestre de investigadores) hai unha constante que, no meu ver, é o motor e clave explicativa de toda a súa obra: a preocupación porque a Filosofía baixe do ceo á terra. Xosé Luís é moi consciente de que o pensamento filosófico debe recuperar aquel *Ens, Bonum, Verum et Pulchrum convertuntur* da mellor tradición de occidente e volver ser sabedora de que o sentido da súa acción non é outro que o de axudar a solucionar os problemas vitais dos homes e mulleres de carne e oso. As máis sutís e abstractas análises ou son quen de iluminar o mundo *vivido* ou non pasan de ser meros *flatus vocis* ao modo de aquel *Utrum lana caprina sit vera lana* que disputaban algúns medievais.

Non só por ser fieis á tradición é urxente apostar por unha Filosofía que serva para a vida. Estamos nun momento histórico onde non hai xa mosteiros que subvencionen cos propios recursos aos seus traballadores da especulación, as universidades xa non dispoñen de rendas propias que as faga independentes da sociedade e aqueles postos de bibliotecarios ou curadores de museos con que os políticos ilustrados axudaban economicamente aos *savants* necesitados xa se xestionan con outros criterios. Hoxe os estudos de Filosofía e, por sabido, as Facultades universitarias ou son quen de convencer á sociedade e aos seus xestores de que son algo máis que un luxo prescindíbel ou será ben complicado poder sobrevivir desta maneira.

E isto, para nada ten que significar necesariamente vender a autonomía do pensamento nin, menos, prostituílo ao servizo dos intereses alleos. Pódese e